



XUNTA DE GALICIA

## **Presentación**

**Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración de Vertixe Sonora, que procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio.**

**Do Audible investiga puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento, que faciliten o achegamento do público non especializado e a conquista dunha percepción musical máis consciente. Proporciona en cada concerto unha experiencia singular e reveladora que devolve a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.**

**En Do Audible as proposta musicais organízanse arredor dun foco temático —as cidades invisibles de Calvino, o arte mínimo, o baleiro e os derradeiros avances en astronomía— e interactúan coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación da música esclarecedoras para os oíntes.**

**Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.**

**Con esta programación, que chega á súa terceira edición, a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ofrece un novo espazo de achegamento á música e ás expresións contemporáneas cunha programación desenvolvida en distintas cidades de Galicia que permite construír novas experiencias destinadas ao público xeral.**



## **Do Audible 2015**

**Un ciclo de concertos que traza puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos**

### **As cidades invisibles**

**martes 26 de Maio ás 20.30 h. Fundación Luis Seoane (A Coruña)**

con Fernando Palacios (divulgador RNE)

Colabora: 4+1 Piano Ensemble

Compositores: Iago Hermo, Mauricio Pauly, Bernardo Barros, Stefan Beyer

### **Eloxio do mínimo**

**martes 30 de Xuño ás 20.30 h. Casa do Saber (Lugo)**

con Alberto Bernal (compositor) e Federico López Silvestre (investigador de arte contemporánea)

Compositores: Luc Ferrari, Franz Liszt, La Monte Young, Giacinto Scelsi, Mathias Spahlinger, Alberto Bernal

### **Incerteza**

**martes 20 Outubro ás 20.30 h. Café Moderno Afundación (Pontevedra)**

con Joan Bagés i Rubí (compositor) e Ana Ulla Miguel (astrofísica)

Compositor: Joan Bagés i Rubí

### **Baleiro**

**mércoles 25 novembro, Museo Ramón María Aller (Lalín)**

con Miguel Ángel Tolosa (compositor) e Javier Turnes (filósofo)

Compositores: Ingar Zach, Miguel Ángel Tolosa, Andrés Nuño de Buén

Máis información: [cultura.xunta.es](http://cultura.xunta.es)

**Todos os concertos son de balde. Entrada libre ata completar a capacidade.**

Organiza: Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa colaboración de Vertixe Sonora.

Colaboran: Asociación RevelArte, Conservatorio Superior de Música de A Coruña, Fundación Luis Seoane, Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes, Universidade de Santiago de Compostela, Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga, Vicerreitoría do campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, Afundación Conservatorio Profesional de Música de Lalín, Concello de Lalín.



## As cidades invisibles

**Martes 26 de Maio ás 20.30 h. Fundación Luis Seoane A Coruña**

con Fernando Palacios (divulgador RNE)

Colaboran: Asociación RevelArte, 4+1 Piano Ensemble, Conservatorio Superior de Música de A Coruña e Fundación Luis Seoane

### Programa:

Prólogo. **Iago Hermo** (Rianxo, 1992)

*Escenas I, II e III* interpretadas por 4+1 Piano Ensemble

**Mauricio Pauly** (Costa Rica, 1976)

*Apartamento Polsen Apartamento Peterson* (2011) saxofón, cello e piano

**Bernardo Barros** (Brasil, 1980)

*Spill* (2014) saxofón, cello, piano e percusión

**Stefan Beyer** (Alemaña, 1981)

*Mittel und Zwecke - Boulevard* (2014) saxofón, acordeón, contrabaixo, guitarra, piano, percusión

“Creo que escribín algo como un poema final de amor ás cidades, cando é cada vez máis difícil vivilas como cidades”. Así describía Italo Calvino o seu libro *As cidades invisibles* nunha conferencia pronunciada en inglés o 29 de marzo de 1983 para os estudantes da Graduate Writing Division da Columbia University, de Nova York. O pedagogo, presentador, divulgador e compositor Fernando Palacios sempre sentiu unha especial identificación con este libro: “Xa a primeira vez que o lin, vin nel propiedades moi singulares que ningún outro libro me ofrecía. Calvino fai escasas referencias á música; con todo, en sucesivas lecturas ningún outro libro espertou en min máis inquedanzas, ningún excitou máis a miña cabeza á procura de temas e actividades para achegar a música a públicos desconectados”, confesaría nunha sesión monográfica do programa radiofónico *El oído atento*.

Nesta sesión visitaremos cidades imaxinadas que poden “ser vistas e oídas como pura música”; achegarémonos á figura de Calvino, pero tamén a outros escritores, como o xaponés Yasunari Kawabata; e escoitaremos música con Fernando Palacios, que actuará como mestre de cerimonias.

4+1 PIANO ENSEMBLE

Elena Rodríguez García/ Iago Hermo/ Rosalía Becoña/ Daniel Chaves Cores

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello, saxofón / Celia Adrián, acordeón / Thomas Piel, cello / Carlos Méndez, contrabaixo / Rubén Barros, guitarra / David Durán, piano / Diego Ventoso, percusión



## Sobre as obras e os compositores



De esquerda á dereita, Iago Hermo, Bernardo Barros, Mauricio Pauly e Stefan Beyer

**Iago Hermo** (Rianxo, 1992). Pianista, compositor, improvisador, director, mestre e escritor. Reflexiona sobre a estética e a tradición que rodea o mundo da arte sonora. Desenvolve unha actividade solista, complementada coa súa participación en agrupacións camerísticas e sinfónicas, ou como pianista acompañante. Destaca aquí a Banda da Escola de Música de Rianxo, a Banda Municipal da Coruña, a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, o Ensemble IXOR e, xa no ámbito camerístico, o 4+1 Piano Ensemble, do que é membro fundador e director. *Escenas I II III* (2013) é un conxunto de tres miniaturas, escritas para cuarteto de pianistas nun piano de cola, que buscan afondar nos recursos sonoros que o instrumento nos permite explotar.

**Mauricio Pauly** (Costa Rica, 1976). *Apartamento Polsen Apartamento Peterson*, o título da obra sitúa un fragmento do conto 'En aquel país. Neste país', de Yasunari Kawabata, na fotografía 'A view from an apartment' de Jeff Wall como posible escenario. O fragmento di:

"Takako, sen embargo, foi incapaz de ler co mesmo desapego outra das historias de 'En aquel lugar. Neste país'. A columna describía dous casos auténticos de 'troque de parellas' (...) O primeiro sucedera en Suecia. Dúas parellas de esposos, os Polsen e os Peterson, vivían en apartamentos contiguos nun mesmo edificio en Egresund, unha aldea cercana a Estocolmo. O señor Polsen e o señor Peterson eran amigos desde hacía moito tempo. As dúas familias vivían como se formaran un solo fogar. O día 29 [...] os dous esposos intercambiaron mulleres. Ou, se se mira desde o punto de vista das esposas, as dúas mulleres intercambiaron maridos. As parellas divorciáronse e volveronse a casar ao mesmo tempo. A ningún dos catro lles preocupa o impacto da súa acción no resto do mundo. Ao parecer os catro lévanse millor ca nunca."

**Bernardo Barros** (Brasil, 1980). *Spill* (2014) explora as nocións de limiar, aspecto e ameaza, despregadas na música como o atributo de diferentes fluxos de materiais, así como as súas distorsións e tendencias direccionais. Outra forma de describila sería unha observación de varias capas, que xorden e mergullan en distintos puntos, mentres derraman materiais entre si, todo articulado a través de procesos estatísticos.

**Stefan Beyer** (Alemaña, 1981). Estuda música, historia e composición en Leipzig e en Goteburgo (Suecia). Obtivo o posgraao en composición (Konzertexamen) en maio de 2011 (con distinción, por unanimidade). *Mittel und Zewckel - Boulevard* (2014), traducido como *Medios e fins* ou *Medio e fins*, onde o substantivo alemán *Mittel* equivale tanto ao singular coma ao plural do galego medio, refírese á sintaxe da composición. Os materiais que conforman o son e a estrutura da peza colócanse en diferentes correlacións. Os seus parámetros, con todo, obteñen diferentes resultados musicais. Un bulevar é decote o resultado de menosprezar a fortificación dunha vila: ao perder o seu bastión, aparece un novo espazo libre, que historicamente se adoita empregar para a construción de rúas novas ou de estradas de circunvalación.

## Sobre o relator e os colaboradores



Fernando Palacios

**Fernando Palacios** (Castejón de Navarra, 1952). É profesor superior de pedagogía musical polo Conservatorio Superior de Música de Madrid. A súa actividade diversifícase en campos ben diferentes: a composición, a interpretación, a música vocal, a pedagogía, o jazz e o pop, o teatro e os medios de comunicación. A súa influencia sobre a divulgación e a educación musical en España é incalculable. Fernando Palacios é asiduo colaborador de Radio Nacional de España, onde dirixiu e presentou os programas *Concierto Desconcierto*, *Música sobre la marcha* (RNE e Radio Clásica), o espazo educativo *Sonido y oído* (2º premio de Radio Montecarlo-92, editado posteriormente por RNE) e, desde 2005, os programas *Las cosas de Palacios* e *El oído atento*. Foi director de Radio Clásica entre os anos 2008 e 2010. En Televisión Española presentou *Tira de música*, *Galería de música* e *Caja de música*.  
<http://fernandopalacios.es/>

**4+1 Piano Ensemble.** Agrupación formada por catro pianistas do Conservatorio Superior de Música da Coruña, que nace en 2013 baixo a tutela do mestre Pablo Coello, coa intención de lle fornecer un novo punto de vista á relación actual entre o piano e a música moderna e contemporánea. O seu repertorio, que inclúe desde obras minimalistas do século XX ata estreas absolutas, levounos a participar en concertos e festivais como o Mihlsons de Lugo, o Espazo IXOR, no Museo de Belas Artes da Coruña, e as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela. Este ensemble traballa xa como agrupación independente do CSM da Coruña polo seu interese musical e artístico, aberto sempre a novas propostas.  
<http://pianoensemble.wix.com/pianoensemble>

**Asociación RevelArte.** RevelArte xorde a principios do 2014, creada por un grupo de artistas novos galegos coa idea de axudar os artistas da comunidade a realizaren e publicitaren os seus proxectos. Organízanse en grupos de traballo por disciplinas (música, artes escénicas, artes plásticas e literatura). <http://www.revelarte.ga/>



## Eloxio do mínimo

**Martes 30 de xuño ás 20.30 h Casa do Saber, Lugo**

con Federico López Silvestre (autor de *Micrologías* o *Historia breve de artes mínimas*)

### Programa:

**Peter Ablinger**, *Weiss/Weisslich nº 7 Wall Deawing* (1999), para soporte fixo estéreo (instalación á entrada)

**Luc Ferrari**, *Presque rien* (1967), para soporte fixo estéreo (fío sonoro)

**Franz Liszt**, *Il penseroso*, para piano

**La Monte Young**, *Étude 1960/7*, para acordeón e violín

**Giacinto Scelsi**, *L'âme ailée – L'âme ouverte*, para violín só

**Alberto Bernal**, *Eloxio do ausente*, para piano de xoguete e altofalante de vibración

**Mathias Spahlinger**, *Kairos*, para violín, acordeón, piano e percusión

En *A poética do mínimo* iniciamos unha conversa entre Federico López Silvestre e o compositor Alberto Bernal a partir de propostas artísticas e pezas musicais baseadas no uso dun material extremadamente reducido. De Liszt a Spahlinger, estas pezas proclaman con voz queda que o pequeno é fermoso. Unha constante histórica lonxe dos grandes fastos. Miniaturas que empequenecen o mundo para xogar con el, pero tamén para o abranguer. Un retorno ao pequeno, esa é a mensaxe; e, para abrir boca, unha boa dose de praceres minguantes.

### O relator: Federico López Silvestre



Federico López Silvestre é docente na Universidade de Santiago de Compostela (USC) desde 1999. Premio extraordinario de doutoramento en Historia da Arte na mesma universidade e doutorando en Filosofía na Universidade de Salamanca, dirixe a colección *Paisaje y Teoría*, da editorial Biblioteca Nueva (Madrid) e a colección *Vita Aesthetica*, da editorial Díaz & Pons (Madrid). Codirixiu o Máster de Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea da USC entre 2007 e 2012. Foi docente convidado en mestrados de varias universidades. Realizou estadias de investigación na École des Hautes Études en Sciences Sociales de París, na Université Lumière Lyon-2 e na Universidade de Santiago de Chile, e participou en congresos e seminarios en España, Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Finlandia, Brasil, Chile e a Polinesia.


VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Roberto Alonso, violín/ Vadzim Yukhnevich, acordeón / David Durán, piano / Diego Ventoso, percusión





## Sobre as obras e os compositores



De esquerda á dereita, Alberto Bernal, La Monte Young e Giacinto Scelsi

**Weiss Weisslich nº 7 Wall Deawing** (1999). Instalación de Peter Ablinger (Austria, 1959) que consta de ruído branco (no que están presentes todas as frecuencias), dividido en varios altosfalantes, o que produce unha mínima diferenciación na escoita do espectador.

**Presque rien nº 1** ou *Le lever du jour au bord da mer* (1967) de Luc Ferrari (Francia, 1929-2005). Obra acusmática na que, como o seu propio título indica, o autor non realiza "practicamente nada". Unicamente toma a decisión, coma un fotógrafo, de establecer un encadramento espazo-temporal (o amencer á beira do mar) e de determinar o punto de inicio e final da gravación.

**Il penseroso** (1839), Franz Liszt (Hungría, 1811-1886). Publicada dentro do segundo volume dos *Anos de peregrinación*, *Il penseroso* toma como punto de partida a escultura homónima de Miguelanxo, situada na Capela Medici, de Florencia, para realizar unha obra que anticipa unha poética do mínimo que só chegará ao seu esplendor en xeracións do século posterior.

**Étude 1960/7** (1960) de La Monte Young (Idaho, 1935). As *Composicións 1960* son pezas caracterizadas polo seu forte compoñente de arte performativa. Inclúen unha serie de accións pouco usuais, algunhas delas irrealizables, que examinan deliberadamente un determinado suposto — levado ao extremo— sobre a natureza da música e da arte.

**L'âme ailée – L'âme ouverte** (1973), Giacinto Scelsi (Italia, 1905-1988). *Alma alada – alma aberta* é un díptico escrito orixinalmente para violín só, onde atopamos o Scelsi máis recoñecible, aquel que renuncia ao desenvolvemento temático e centra a súa atención na exploración tímbrica de son mantido e inmóbil).

**Eloxio do ausente** (2013), Alberto Bernal (Madrid, 1978). A obra consiste en 10 relecturas dun fragmento de *Einsame Blumen* (Robert Schumann, *Escenas do bosque [Waldszenen, Op.82, 1850/51]*). A idea que atravesa a obra é o diálogo co ausente e co insonoro: o tema orixinal de Schumann evócase a través da súa compresión nunha ou unhas poucas notas do reducido rexistro do piano de xoguete que se vai abrindo paseniñamente cara ao rexistro orixinal.

**Kairos (conceptos sobre a minimización da función do compositor)** (1993). Nesta serie de obras, Mathias Spahlinger (Frankfurt and Main, Alemaña 1944) desenvolve algunhas das ideas aparecidas anos atrás en *Aus dean Sieben Tagen*, de Stockhausen. Trátase de obras nas que non existe unha partitura como tal, senón breves instrucións verbais, máis ou menos concretas, máis ou menos poéticas.





## Incerteza

Martes 20 outubro ás 20.30 h. Café Moderno Afundación Pontevedra  
con Ana Ulla Miguel (astrofísica)

### Programa:

**Joan Bagés** (España, 1977) *...se ti non estiveses observándome, eu non estaría aquí... que incerteza!* (2011-15) para frauta, clarinete, saxofón, violín, cello, piano, percusión, electrónica e vídeo

As matemáticas —co apoio da física de partículas e da astrofísica— suxiren que a realidade está poboada dunha infinidade de universos, algúns completamente distintos do noso e outros idénticos. A doutora en astrofísica Ana Ulla Miguel, Galega Destacada 2014 dos premios da Asociación Diálogos 90, explicará o estado da cuestión na actualidade.

Profundamente fascinado polos achados no campo da astronomía, o compositor Joan Bagés i Rubí desenvolveu especialmente para este proxecto a obra que hoxe presentamos. Formulada coma unha cosmogonía sonora que actualiza as teorías máis avanzadas de explicación do noso universo, en *...se ti non estiveses observándome, eu non estaría aquí... que incerteza!*, nunha combinación de física cuántica e matemática avanzada, insinúase unha realidade composta dun número infindo de universos ou *multiversos*.

Esta obra explora o concepto de *multiverso* e a teoría cuántica como metáfora da articulación sonora, na que tanto os grupos instrumentais, a escritura musical, os recursos empregados así como os modos de produción sonora representan unha realidade múltiple que os científicos identifican coa nosa realidade física. Aínda que, sinceramente, pareza ciencia ficción!

### A relatora: Ana Ulla Miguel



Ana Ulla Miguel é profesora titular do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo pola área de Astronomía e Astrofísica. Con anterioridade traballou en varios centros de investigación nacionais e estranxeiros e é membro de varias sociedades científicas. Participa, xunto con colegas da Universidade da Coruña, no proxecto Gaia da Axencia Espacial Europea (ESA). Outras liñas de investigación e traballo inclúen a evolución estelar en fases avanzadas, a minaría de datos astrofísicos ou a astronomía cultural. Desde o ano 2000 organiza actividades de divulgación científica diversas, como por exemplo o Obradoiro de Astronomía e Astrofísica. Entre as súas afeccións destacan o cinema, o ballet e a música, en especial o canto lírico e o folk galego.

### VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà, frauta / Felipe Agell, clarinete / Pablo Coello, saxofón / Mario Peris, violín / Ailsa J. Regina, cello / David Durán, piano / Diego Ventoso, percusión



## Sobre a obra e o compositor



Joan Bagés i Rubí (Flix, Lleida, 1977). O seu traballo sonoro céntrase na música instrumental, a música electroacústica, as instalacións sonoras e os sistemas musicais interactivos. Lonxe de abordar estas facetas creativas como elementos independentes, o seu traballo traza un continuo baseado na creación de redes entre estas disciplinas. O que unifica o seu traballo creativo é a investigación permanente no que el denomina como a *composición espectro-morfolóxica*. Paralelamente, traza sistemas de notación gráfica derivados da notación convencional, utiliza os sistemas musicais interactivos para a xeración de partituras en tempo real e desenvolve o concepto de *partitura sonora*.

*...se ti non estiveses observándome, eu non estaría aquí... que incerteza!*

*A representación da realidade física xa nutriu previamente obras anteriores da miña produción... hai certo interese persoal en deixarse inspirar, emocionar pola ciencia... Terá algo que ver que meu pai fose químico...?*

(Ciencia — Tecnoloxía — Arte)

Na existencia de universos múltiples, as propiedades de *superposición* (unha partícula pode atoparse en infinitos lugares simultaneamente), *entrelazamento* (dúas partículas mantéñense conectadas, por máis afastadas que estean, e codifican e descodifican información constantemente), *incerteza* (non hai nada definido nin preestablecido, todo se constrúe, e consecuentemente hai unha posibilidade real de intervir no rumbo das cousas), e *aleatoriedade* (un suceso non pode determinarse en ningún caso antes de que se produza) cobran especial relevancia. As teorías de multiversos enfróntase completamente á nosa experiencia sensible e sitúan as que considerabamos leis universais da física no nivel de propiedades do noso estado concreto do espazo.

## Baleiro

Mércores, 25 novembro, ás 20:30 h Museo Ramón María Aller, Lalín (Pontevedra)  
con Javier Turnes (filósofo)

### Programa:

**Ingar Zach** (Noruega, 1971) Nova obra. T(2015)

**Miguel Ángel Tolosa** (España) Nova obra. (2015)

**Andrés Nuño de Buen** (Mexico, 1988) Nova obra (2015)

*fruta, clarinete, cello, celesta, percusión*

Tanto en Oriente como en Occidente, a idea de baleiro estivo sempre asociada a algo relativo á simplicidade extrema. Pero, malia este punto en común entre ambas as nocións, o significado real que este termo tivo en Occidente (a *nada* como o oposto á *existencia*) difire da noción que tradicionalmente o concepto de nada ou baleiro tivo na cultura do afastado Oriente. Baleiro ou nada son abstraccións que na cultura tradicional xaponesa atopamos asociadas á idea de colector. O baleiro, alí, enténdese como un gran colector que pode encherse; un espazo que admite todo tipo de posibilidades, que pode conter calquera cousa. Ese colector, ese baleiro, está de cheo de potencialidade, de forma que todo xorde del e, pola súa vez, todo é reabsorbido dentro del. É no baleiro, na nada, onde nacen as formas, a materia.

Miguel Ángel Tolosa, Bonn, marzo 2015

### O relator: Javier Turnes



**Javier Turnes** (Portomouro, 1976). Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela no 2000. Profesor de filosofía de ensino secundario desde 2003, exerce na actualidade a docencia no IES Fernando Blanco, de Cee (A Coruña). Realiza o seu proxecto de tese de doutoramento na Facultade de Filosofía da UNED, Madrid, cun traballo sobre música e filosofía. Así mesmo, traballa na elaboración de materiais didácticos sobre música moderna para o ensino secundario. É membro do Grupo Compostela de Estudos sobre Imaxinarios Sociais (GCEIS), Facultade de Ciencias Sociais e Políticas da USC. Desde 1998 é coordinador do Grupo de Traballo de Filosofía no CEFOR da Coruña. Tamén é socio cofundador da Sociedade Hispano-Chilena de Filosofía, (Alacant, 2006). Entre as súas publicacións destacan *Spinoza: modo finito e cidadanía*, nas *Actas da Semana de Filosofía de Pontevedra, Aula Castelao*, 2004. *Baruch Spinoza*. Baía Pensamento, Baía Edicións, 2006.

### VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà, fruta / Xocas Meijide, clarinete / Ailsa J. Regina, cello / David Durán, celesta / Diego Ventoso, percusión



## Sobre as obras e os compositores



De esquerda á dereita, Miguel Ángel Tolosa, Andrés Nuno e Ingar Zach

**Miguel Ángel Tolosa** (Madrid, 1969). Estudou composición musical con Antoine Beuger en Haan (Alemaña) e música electroacústica con Jean Claude Risset (Madrid) e Eduardo Polonio (Madrid). Estudou enxeñaría de son e traballou en gravacións como enxeñeiro e produtor de diversos artistas e selos. Actualmente compaxina a súa residencia entre Madrid e Bonn. As súas obras electroacústicas foron lanzadas en selos de todo o mundo, como Sofá Music (Noruega), WindMeasureRecordings (Estados Unidos), NonVisualObjects (Austria), Twenty Hertz (Reino Unido), Drone Records (Alemaña) e Mystery Sea (Bélxica), entre outros. A música de Miguel Ángel Tolosa baséase principalmente na experiencia da escoita, conectado con algúns enfoques que se atopan en músicas de Morton Feldman e Jakob Ullmann.

**Andrés Nuno** (Ciudad de México, 1988). Andrés Nuño de Buén estuda un mestrado en composición (Master of Music) con Wolfgang Rihm na Hochschule für Musik de Karlsruhe, Alemaña. En 2014 terminou os seus estudos de licenciatura (Bachelor of Music) nesta institución e anteriormente formouse con Alejandro Romeu e José Luís Castelo na Escola Superior de Música do Instituto Nacional de Belas Artes, México (2008-2011). Participou en diferentes cursos e proxectos relacionados coa composición contemporánea en México e Alemaña, entre os que destacan a academia Matrix13 do Estudo Experimental da radiodifusora SWR en Friburgo (2013), os Cursos Internacionais de Música Nova en Darmstadt (2012, 2014) e o programa Novos Creadores do Fondo Nacional para a Cultura e as Artes (FONCA), para o que foi seleccionado como bolseiro do período 2014-2015.

**Ingar Zach** (Oslo, 1971). Actualmente vive en Madrid. É un recoñecido percusionista de improvisación libre, valorado pola súa ampla gama de sons e o desenvolvemento dun enfoque instrumental moi dinámico e sutil. Zach comezou a estudar percusión aos 7 anos. Aos 10 anos xa estaba a tocar na big band de jazz de Oslo, e fixo o seu debut no rock progresivo aos 15 anos. Entre 1993 e 1997, estudou percusión, música tradicional norueguesa, musicoloxía, jazz e composición. En 1990 uniuse con Ivar Grydeland para entregarse completamente á improvisación libre. Con Grydeland, fundou as discográficas Sofá (2000) e Sillón (2007). Agora desenvolve unha carreira internacional como solista e en agrupacións permanentes.



## VERTIXE SONORA ENSEMBLE



Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente para a última xeración internacional de compositores, que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras, no CGAC, e sonUTopías, do campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora, en Vigo, ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

<http://vertixesonora.net>



galicia



Información aos medios:  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
[prensa.cultura.educacion@xunta.es](mailto:prensa.cultura.educacion@xunta.es)  
Telf. 981 957 350 / 981 544 490

vertixe sonora  
ensemble

